

Titulación

Código: G3111V01 **Nome:** Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos [L] **Data publicación BOE:** 29/09/2011

Contido

Código: G3111343A **Nome:** Dereito de Contratos e Responsabilidade Civil **Ano Académico :** 2024/2025

Créditos ECTS: 6.00

Carácter: Optativo **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao/Máster

Profesorado do Contido

Nome	Categoría	Función
BAAMONDE MÉNDEZ, JOSEFINA	TIT-UN	Profesor/a

Obxectivos da materia

- Acadar un primeiro nivel na preparación de profesionais en relacións laborais cun coñecemento especializado no ámbito do Dereito dos contratos e da responsabilidade civil.
- Proporcionarlle ao estudante unha información e unha formación que lle permita, no seu quefacer profesional, afrontar con corrección os problemas xurídicos reais no ámbito xudicial, notarial e administrativo.
- Acadar unha certa destreza na utilización da linguaxe xurídica e no manexo dos textos que conteñen o Dereito positivo en materia de contratos.
- Conseguir que o alumno se familiarice cos textos que conteñen o Dereito positivo en materia de contratos, singularmente cos textos legais (en particular o Código Civil) e as decisións xurisprudenciais.
- Lograr que os alumnos accedan ao coñecemento dos contidos básicos da disciplina.
- Dotar os estudantes dunha certa destreza no manexo dos instrumentos necesarios para a interpretación e a aplicación das normas xurídicas relativas á materia.

Contidos

TEORÍA XERAL DO CONTRATO

Lección 1. O contrato: concepto e elementos esenciais

Contrato e autonomía privada.- A protección dos consumidores e a súa repercusión no Dereito de contratos.- As clases de contratos.- Os requisitos ou elementos esenciais do contrato.- O consentimento contractual.- A capacidade para contratar.- A libre formación do consentimento e os vicios da vontade: erro, violencia e intimidación, dolo.- A declaración de vontade.- O obxecto do contrato: requisitos.- A causa do contrato.- A forma e documentación do contrato.

Lección 2: A formación do contrato.

A formación do contrato: modalidades.- A oferta e a aceptación. Momento e lugar de perfección do contrato.- Os tratos preliminares e a responsabilidade precontractual.- O precontrato e o contrato de opción.

Lección 3: O contido do contrato. Interpretación e integración

O contido do contrato.- A condición, o termo e o prazo.- A interpretación do contrato: criterios hermenéuticos.- A integración do contrato: o artigo 1258 do Código civil.- As condicións xerais da contratación: os requisitos da súa incorporación ó contrato.- O control das cláusulas non negociadas individualmente na contratación con consumidores: a nulidade das cláusulas abusivas.

Lección 4: Eficacia e ineficacia do contrato.

A eficacia do contrato entre as partes: inalterabilidade e irrevogabilidade.- O principio da relatividade do contrato e a súa eficacia respecto a terceiros.- O contrato en favor de terceiro.- A cesión do contrato.- A ineficacia do contrato e as súas diversas categorías.- Os contratos nulos: a conversión.- A anulabilidade e a confirmación do contrato anulable.- A rescisión do contrato. O desistimento unilateral

OS CONTRATOS EN PARTICULAR

Lección 5: Os contratos de finalidade traslativa

O contrato de compravenda.- Concepto e caracteres.- Elementos estruturais: suxeitos, obxecto e forma.- As obrigacións do vendedor: conservación e entrega da cousa, saneamento por evicción e vicios ocultos.- A dobre venda.- Garantía na venda de bens de consumo.- O contrato de permuta.- O contrato de doazón.- Concepto e clases.- Requisitos: consentimento, obxecto e forma.- Efectos.

Lección 6: Outros contratos típicos

O contrato de arrendamento : concepto, caracteres e obxecto.- O arrendamento de fincas rústicas e urbanas.- O contrato de obra: concepto, caracteres e obxecto.- Efectos.-A Lei de ordenación da edificación.- O mandato.- O contrato de servizos e a responsabilidade do prestador de servizos.- O contrato de fianza: concepto e clases.- Efectos: relacións entre acreedor e fiador e relacións entre fiador e debedor principal.- O contrato de sociedade.- Outras figuras contractuais: préstamo, depósito, arbitraje e contratos aleatorios.

A RESPONSABILIDADE EXTRA CONTRACTUAL

Lección 7: Concepto, fundamento e presupostos da responsabilidade civil

O acto ilícito como fonte de obrigación. A responsabilidade contractual e extracontractual. - O fundamento da responsabilidade civil extracontractual: responsabilidade por culpa e responsabilidade obxectiva. - As funcións da responsabilidade civil. -A responsabilidade civil derivada de delito. - Os presupostos da responsabilidade civil: acción ou omisión, dano, relación de causalidade e imputación subxectiva.

Lección 8: A responsabilidade por feito alleo e a obrigación de reparar o dano causado. Mención a algúns réximes especiais

A responsabilidade por feito alleo: responsabilidade civil de pais e titores, do empresario e dos titulares e directores de centros docentes. - A responsabilidade por danos causados por cousas e animais. - A obrigación de reparar o dano causado:

formas de reparación e réxime da acción de responsabilidade civil.- Mención ao réxime de responsabilidade polos danos causados por produtos defectuosos e á responsabilidade civil por accidentes de circulación de vehículos a motor.

Bibliografía básica e complementaria

AA.VV. (coords. F. INFANTE RUIZ/L. LÓPEZ DE LA CRUZ), Derecho civil patrimonial I, 3ª. ed., Tirant lo Blanch, Valencia, 2019.

Competencias – Resultados da aprendizaxe

Xerais: Planificar, organizar e tomar decisións no desenvolvemento de actividades e de procesos diversos de natureza xurídica.

Específicas: Coñecer, comprender e aplicar as normas xurídicas básicas necesarias para o axeitado desempeño das tarefas de asesoramento e representación técnica no ámbito do Dereito de contratos.

Competencias específicas da materia:

- Destreza no uso da linguaxe xurídica.
- Habilidade no manexo de textos de dereito positivo e na utilización dos instrumentos básicos de interpretación e aplicación das normas.
- Capacidade de análise crítico das decisións xurisprudenciais e percepción das orientacións actuais en torno aos problemas básicos propios da disciplina.
- Identificación das materias especialmente conflitivas en materia de contratos e responsabilidade civil
- Capacidade para redactar e interpretar contratos e asesorar en materia de aseguramento de responsabilidades

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía empregada na impartición da materia vén determinada pola distribución da docencia en aulas expositivas e aulas interactivas.

As aulas expositivas teñen por obxecto a transmisión clara e sintética das ideas fundamentais e dos conceptos básicos que presiden cada un dos temas, a fin de que o alumno/a posúa as ferramentas esenciais que lle permitan profundizar de maneira independente no seu estudo. Co manexo dos textos legais e da xurisprudencia máis relevante, na clase analizaráanse os contados mínimos de cada materia, nun intento de propiciar o coñecemento das institucións cunha visión práctica das mesmas. Resaltarase a ausencia de respostas unívocas nas situación xurídicas máis controvertidas e se expoñerán as argumentacións que sosteñen as diversas teses defendibles ante os tribunais.

As aulas interactivas teñen por obxecto a discusión colectiva dos aspectos esenciais da materia e o desenvolvemento polo alumno/a, co asesoramento e orientación dos docentes, de diferentes tipos de actividades prácticas, que permitan a

consolidación dos seus coñecementos teóricos mediante a súa aplicación a supostos da realidade. Asemade, permiten acadar o obxectivo de potenciar a capacidade lóxica, discursiva e comunicativa do alumno/a.

O Campus Virtual -xestionado por el Centro de Tecnoloxías para el Aprendizaje (CETA)- servirá como ferramenta de apoio á docencia.

Sistema de avaliación da aprendizaxe

Para a comprobación individualizada dos resultados da aprendizaxe do alumnado a avaliación da materia levarase a cabo a través de dúas actuacións: avaliación continua e proba escrita final. Para un total de 10 puntos da cualificación final, a mesma distribúese do seguinte xeito:

1. A avaliación continua supón o 40% (4 puntos) da cualificación final, e deriva da asistencia as aulas expositivas e intervención activa nas mesmas (10%) e da asistencia ás clases interactivas así como da realización dos traballos e prácticas que se realizarán presencialmente nas aulas interactivas (30%), valorándose a estrutura dos mesmos e asemade o manexo de bibliografía e xurisprudencia e a exposición oral.

2. A proba final supón o 60% (6 puntos) da cualificación final e consistirá nunha proba escrita de tres ou catro preguntas teóricas ou prácticas a desenvolver. Valorarase especialmente a capacidade de comprensión, de análise dos problemas, relación cos problemas afíns, capacidade de síntese, rigor na utilización dos termos, claridade e corrección dá expresión escrita.

Para a superación da materia en todo caso é necesario conseguir na proba final unha puntuación mínima de 3 sobre 6. En ningún caso poderá superar a materia o alumnado que na proba final deixe algunha pregunta, incluída a parte práctica, en branco o cualificada con 0.

A cualificación final se determinará sumando a nota correspondente á proba final e a obtida na avaliación continua. Para aprobar a materia a suma debe ser 5 ou superior. O alumno/a que non participase nas actividades de avaliación continúa, para superar a materia deberá obter na proba final unha nota mínima de 5 (sobre 6).

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na "Normativa de avaliación de rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións".

Para a avaliación en 2ª oportunidade seguiranse os mesmos criterios. Para tal efecto, a cualificación correspondente á avaliación continua ao longo do curso académico considerarase en ambas convocatorias.

RÉXIME PARA O ALUMNADO CON EXENCIÓN DE DOCENCIA:

O 100% da cualificación será a determinada polo exame final. O alumnado poderá asistir ao longo de todo o curso académico ás titorías que precise.

NOTA IMPORTANTE: NORMATIVA DE PERMANENCIA:

Advirtase que segundo a "Normativa sobre permanencia nas titulacións de Grao e Máster" aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela (5 de xuño de 2012): artigo 5.2 "A cualificación dunha convocatoria na que o alumno non se presenta, ou non supera os obxectivos establecidos será de "suspensión", salvo que o estudante non realice ningunha actividade académica avaliable conforme ao establecido na programación ou guía docente, en cuxo caso

constará como "non presentado".

Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar o estudiantado para superala

Traballo presencial na aula (clase expositiva, interactiva, titorías e exames): 48 horas

Traballo persoal do alumno (estudo individual ou en grupo, resolución de casos prácticos ou outros traballos, lecturas recomendadas): 102 horas.

Recomendacións para o estudo da materia

- O alumno debe utilizar dende o comezo de curso os materiais da disciplina, en especial os textos legais e un libro de consulta que actúe como referencia.
- É necesaria a asistencia ás clases para aclarar os conceptos, incluír as novidades da disciplina, consultar as dúbidas e tomar notas sobre as ideas que se captaran e interiorizaran.
- O tempo dedicado ao estudo debe ser o máis continuo posible. Recoméndase facer un seguimento, polo menos semanal, do explicado nas clases, e realizar as tarefas sinaladas polo profesor con dedicación e continuidade.
- Recoméndase preguntar nos horarios de titorías ou, preferiblemente, na clase, todas as dúbidas ou problemas de comprensión que se susciten ao redor dos temas estudados.
- Debe evitarse a apreensión memorística de cuestións que previamente non sexan comprendidas de xeito correcto.